

ÁNXEL FOLE: UN NARRADOR DE SEMPRE



UNIDADE DIDÁCTICA
PARA 4º DA ESO

ARMANDO REQUEIXO

ÁF



Vida

UN NENO DE LUGO

Ánxel Fole Sánchez naceu en Lugo o 11 de agosto de 1903. Viñera ao mundo nun caserón do Campo Castelo situado nun dos solares máis grandes daquel Lugo de primeiros de século, onde máis tarde estarían os locais de Radio Lugo.

Por parte paterna procedía dunha familia ben acomodada, donos de numerosas propiedades en toda Galicia. O seu bisavó, Juan María Quiroga, señor de Orbán e Basille, posuíu unha grande fortuna e o pai de Fole, Reinaldo Fole Quiroga, destacado avogado e político, chegou mesmo a ser alcalde de Lugo. Este, casou en segundas nupcias coa lucense Benita Sánchez Corredoira, razón pola cal Fole tivo non só irmáns (Salvador, Desiderio e María), senón tamén medio irmáns (Reinaldo, Mercedes, Teresa e Rosina).



FOLE, Á DEREITA, CON SEUS IRMÁNS

O propio Fole, mesturando realidade e fantasía, describiu así a súa complexa xenealoxía:

Houbo un antepasado meu, da liña dos Fole, que foi *garçon de chambre* do Rei Carlos III, ou Carlos IV, deso xa non me acordo. Chamábase Carlos Fole de Navia. Vivía en Madrid e quixo casar cunha señora da nobreza, para o cal tivo que sacar certificado de que el era nobre tamén. Entón apareceu a procedencia do apelido Fole (...)

O apelido Fole, din os documentos que procede da casa de Anjou, en Francia, dos condes de Anjou, despois duques. Así está. Viñeron os Fole a España co apelido Folck, que despois se transformaría en Fole. Viñeron aquí porque eran cabaleiros da Orde do Temple, e establecéronse en Cataluña, en Amarante de Portugal e en Galicia (Carlos Casares, *Conversas con Ánxel Fole*, Vigo, Galaxia, 1984, pp. 12-13).

Da vivenda do Campo Castelo onde nacera -unha casa señorial do século XVIII que fora do Conde Moscoso de Lugo-, Fole pasou a vivir aos catro ou cinco anos á Casa de Orbán, na parroquia lucense de Fingoi, casarío con ampla facenda que seu pai construíra aproveitando o solar dunha antiga torre. Aos sete ou oito anos de idade voltou ao casco urbano para establecerse nunha casa da Rúa Aguirre e, xa con dezasete ou dezaioito anos, el e a súa familia trasladáronse ao Carril dos Loureiros, a unha casa propiedade do pintor Corredoira, no horto da cal Fole ía pasar felices horas de lectura descubrindo aos seus poetas de xuventude.



CASA ONDE NACEU FOLE, NO CAMPO CASTELO

As primeiras letras apréndellas a Fole un tío seu na casa de Fingoi. Máis tarde ingresa na escola dos P. Maristas, pasa seis anos no Seminario e termina indo ao Instituto de Lugo onde se fai -con certo retraso e alternando a matrícula oficial coa libre- bacharel aos vinte catro anos. Alí coñeceu a outro grande escritor do pasado século, Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911–Vigo, 1981), co que pronto trabou unha grande amizade. Entre ambos

idearon unha revista escolar –hoxe perdida– na que deron a coñecer algúns dos seus primeiros escritos.



O INSTITUTO DE LUGO, NOS TEMPOS EN QUE O FRECUENTARON FOLE E CUNQUEIRO

Estes son os anos nos que o escritor comezou a familiarizarse coa lectura dos clásicos universais, prestando especial atención a autoras e autores galegos como Curros Enríquez, Pondal, Cabanillas, Manuel Antonio, Luís Pimentel –quen logo sería grande amigo seu– e, sobre todo, Rosalía de Castro.

OS TEMPOS DA UNIVERSIDADE E OS PRIMEIROS ESCRITOS

En 1924 fixo o servizo militar en Lugo e, logo do ano preceptivo, proseguíu os seus estudos, que o levaron primeiro á Universidade de Valladolid, logo á de Madrid e, finalmente, á de Santiago, onde se matricularía na carreira de Filosofía e Letras, sen chegar nunca a rematala, pois Fole pasou ben pronto a dedicar os seus esforzos ao mundo do xornalismo e a literatura e en 1928 deu xa a coñecer as súas primeiras colaboracións periodísticas nos xornais lucenses *La Provincia* e *El Progreso*.



CABECEIRA DO XORNAL *LA PROVINCIA*, ONDE FOLE PUBLICOU O SEU PRIMEIRO ARTIGO

A Compostela chegou Fole en 1929 e alí permaneceu ata 1933, data en que, por mor de problemas económicos na súa familia, abandonou definitivamente os estudos. Nestes catro anos viviu a fondo o ambiente festivo e cultural santiagués, que compartiu co seu amigo dende os tempos do instituto e agora compañeiro de pensión Álvaro Cunqueiro. Asistiu a faladoiros intelectuais como os do Café Suízo ou o Derby, onde compartiu horas e saberes con moitos outros grandes persoeiros da literatura e as artes do pasado século, como Rafael Dieste, Luís Seoane ou Francisco Fernández del Riego, entre moitos outros.



CABECEIRA DA REVISTA POLÍTICO-LITERARIA *YUNQUE*

Paralelamente Fole concorreu durante as súas estadias en Lugo aos faladoiros que alí comezaban a agromar e asemade participou activamente nos actos culturais que o incipiente movemento galeguista organizou naqueles primeiros anos da Segunda República. Así, logo de pasar por outras organizacións, afiliouse ao Partido Galeguista en 1935, comezando unha etapa de forte activismo político que se plasou na súa participación en cabeceiras como os semanarios *¡Ahora!* e *Guión* (1931) ou a revista *Yunque* (1932-1934).

Outras colaboracións súas de interese nesta década foron os artigos que enviou ao xornal

vigués *El Pueblo Gallego*, a coordinación do décimo número da revista *Resol* –que apareceu en Lugo logo de terse declarado o estourido da Guerra Civil– e o que ía ser o primeiro libro do escritor, o volume de contos *Auga lizgaira*, do que se perderían as probas de imprenta –xa compostas– coa chegada da Guerra o dezaioito de xullo de 1936. Malia todo, del coñecemos hoxe tres relatos, dous deles publicados un ano antes na revista *Nós* –“Eu i-o meu corazón. Elexía, ao xeito romántego” e “Idilio na Insua”– e outro en *El Pueblo Gallego* –“Trebonada na Penedía”.

EU I-O MEU CORAZÓN

ELEXÍA, AO XEITO ROMÁNTEGO

Por ÁNSEL FOLE.

Díxome o meu corazón:

—¿Por qué téimas esperar a miña adormentada door? ¿Por qué queres fugar na antiga ferida?

Pro eu non ouvía ao meu corazón... Ardía espréndida e serea a noite de maio. E unha tola ilusión nascéume na testa. Sempre o corazón e a testa non fixeron máis que rifar ao longo da miña vida. Entón, quixen revivir o pasado nos seus intrínsecos máis recendentes, na súa máis árida plenitude. Qu' o río do tempo recusa ás súas fontes. Que no outono da miña vida frolecese a primavera, que un vello amor agromase na i-alma.

Foi asím:

Sentín a saudade dunha época ledoenta da miña vida, como unha punxente lediza no fondo da i-alma. Endexamáis atinei a espresar esas circias emocións —tres ou catro no decorrer dunha vida— en que a máis aceda door se mestura á máis fonda lediza! Toda unha época da nosa vida se debroca, súpetamente, na memoria. ¿Sabedes ben o qué iso é? Parece como si sómentes vivíssemos pra aquíntre de entranabel emoción. ¡Aquíntre da nosa vida ennobrecése na lembranza, semellando máis feiteiro qu'a mesma lediza relembrada! O remanente da vida fica arredado, como cousa tristenta, valdeira, murcha; sen quentura, sen luz, nin senso.

Poucas noites ademirei tan belidas como aquíntre. Todas as cousas semellaban esmoerse no seu mesmo feizo. Ardía o ceo ancho e profundo, acugulado de estrelas albeigantes, verdecentes e bermellas. Esas latexaban como muidos corazóns; aquíntre, de unha alburia mesta e fulxente, tremelaban áridamente, como serafíns ó redor do trono de Deus. Había roxas fogueiradas nas encostas dos montes. Dos bosques, callados de pechas somas. Cinxía un vento levián, recendente, que alongaba o seu man-elino rosmido pol-as searas. Iste doce asubido da vulga trashupante do vento mesturábase ao canto chái do río que unxía a noite de relixiosa fervor. Cada senso era, tamén, un río de fermosuras que tívese a súa for na miña i-alma...

Aquíntre fitei, dende un outeiro, a aldeia nativa. Había festa. Os foguetes

REPRODUCCIÓN DO COMEZO DUN RELATO DE FOLE PUBLICADO NA REVISTA *NÓS*

A GUERRA E O EXILIO INTERIOR

O estourido da Guerra Civil o 18 de xullo de 1936 marca un punto de inflexión na vida de Fole. Antes do desastre bélico tiña uns ingresos estables derivados tanto do seu traballo como xornalista coma do seu labor docente nunha academia lucense e aínda de axudante bibliotecario. A partir dese momento, sobreviviría dando clases en diversos colexios e academias do ensino privado lucense, para os que incluso chegou a redactar uns apuntamentos que se publicaron alá polo ano 1940 ou 1941 baixo o título xenérico de *Lecciones de Historia de la Literatura. Especiales para el Examen de Estado*.

Ora ben, as penurias económicas chegaron a tal punto que se viu obrigado a marchar da cidade, iniciando entón o seu propio “exilio interior”, primeiro nas terras de Quiroga e logo nas do Incio, onde residiu ata 1953, ano en que regresou a Lugo.

Estes anos de vivencia rural frutificaron no maxín creador de Fole, quen escribirá en Quiroga *Á lús do candil* (1953) e logo no Incio *Terra brava* (1955), dous dos seus libros máis coñecidos.



CASA DE QUIROGA NA QUE FOLE RESIDIU DURANTE ESTES ANOS

A POSGUERRA, DE VOLTA EN LUGO



NO MÉNDEZ NÚÑEZ, DE ESQUERDA A DEREITA: RODRIGO GARCÍA, CARLOS MASIDE, RAMÓN PIÑEIRO, MAXIMINO CASTIÑEIRAS, FOLE E BENITO VARELA JÁCOME

No Lugo dos cincuenta e sesenta Fole reencontrouse cos vellos amigos de antes da guerra e con algún outro novo tamén, como Celestino Fernández de la Vega. Frecuentou os faladoiros da cafetería do Hotel Méndez Núñez, o Lugo Bar, o Café Madrid, o Cantón Bar e o Café Monterrey, e era habitual atopalo na xerencia do Cine España, onde traballaba seu irmán Salvador, amais de na redacción de *El Progreso*, auténtico segundo fogar para o escritor, que foi redactor deste xornal dende 1957 ata o seu pasamento, aínda que as súas colaboracións nel comezaran xa por volta de 1943.

A primeiros dos sesenta Fole era xa un escritor recoñecido. No seu haber figuraban dous libros de relatos, *Á lús do candil* e *Terra brava*, e unha peza de teatro, *Pauto do demo* (1958), e era colaborador habitual de distintos xornais galegos e revistas tanto de Galicia coma da emigración, onde asinaba ben co seu nome, ben con calquera dos moitos pseudónimos que empregou (Neumandro, Lucencio, Don Fabulón...).

Por eses anos chegou tamén a organizar eventos literarios de grande repercusión, como o “Parlamento de las Letras Gallegas” que, entre os meses de febreiro e marzo de 1961, reuniu as opinións sobre o momento literario galego de vinte e nove destacados escritores e intelectuais de toda Galicia. Mesmo algúns textos seus tiveron cabida en emisións radiofónicas do *Galician Programme* da BBC e da RTF parisina.

Todo este amplo quefacer literario foi pronto recoñecido pola Real Academia Galega, que o nomeou membro numerario. Fole lerá o seu discurso de ingreso, titulado “Castelao i-a tradición galeguista”, o 5 de outono de 1963 e, pouco despois, tamén os amigos quixeron facerlle un recoñecemento público organizándolle unha homenaxe en Vigo en 1964 na que se reuniron, entre outros, Xosé María Álvarez Blázquez, Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego e Ramón Otero Pedrayo.



ASISTENTES Á HOMENAXE A FOLE EN VIGO NO ANO 1964


serie/DOCUMENTOS

Anxel Fole

PARLAMENTO DE LAS LETRAS GALLEGAS

1961

Edición de M^º Xesús Amado Silvar



EDICIÓN DO CASTRO

CUBERTA DUNHA EDICIÓN RECENTE DO “PARLAMENTO DE LAS LETRAS GALLEGAS”


A CHEGADA DA DEMOCRACIA E OS DERRADEIROS ANOS

Pero a definitiva consagración de Fole como narrador produciuse a partir da década dos anos setenta. Precisamente en maio de 1970 comezou a dirixir o histórico suplemento “Táboa Redonda” do xornal *El Progreso*, e pouco despois, en 1972, publicou nun opúsculo o relato *¿E decímolo ou non-o decimos?* Un ano máis tarde publicou o seu terceiro libro de relatos, *Contos da néboa* (1973), no que incluíu tamén o relato aparecido en 1972.

Coa proximidade e chegada da Democracia as distincións en recoñecemento da súa traxectoria literaria sucedéronse. En 1975 foi nomeado Membro de Honor da Asociación de Prensa de Lugo; un ano despois foi distinguido como Fillo Predilecto da Cidade de Lugo; en 1977 a Fundación Barrié de la Maza concedeulle unha pensión vitalicia; ao ano seguinte recibiu o Pedrón de Ouro; en 1979 foi designado Persoeiro Lucense do ano; o Concello de Lugo dedicoulle unha rúa en maio de 1981; a Asociación de Escritores en Lingua Galega fíxoo Presidente Honorífico e presentou a súa candidatura ao Nobel en 1983; e, en 1985, púxoselle o seu nome a un instituto lucense, dedicouselle a V Semana Bibliográfica das Linguas Ibéricas en Lugo e recibiu a Medalla Castelao.



NA CASA DE ROSALÍA EN PADRÓN, DURANTE O ACTO DE RECEPCIÓN DO PEDRÓN DE OURO, CON AVELINO POUSA ANTELO E MARUXA VILLANUEVA



CUBERTA ORIXINAL DO RELATO DE FOLE APARECIDO EN 1985

Paralelamente foi aparecendo nestes anos a súa última produción. Á parte de grande número de prólogos, traballos para volumes colectivos e traducións, viu luz agora o que sería o seu derradeiro libro de relatos, *Historias que ninguén cre*, publicado en 1981, o mesmo ano en que saíu do prelo *Cartafolio de Lugo*, volume onde recompilou varias dúcias de artigos en castelán que foran léndose na prensa lucense ao longo de máis de cincuenta anos. Pouco máis tarde, en 1984, publicou algúns novos relatos no libro colectivo *Medusa* e, ao ano seguinte, un novo opúsculo contendo o relato *O conto de nunca acabar*.

A madrugada do 9 de maio de 1986 morría en Lugo Ánxel Fole. Deixaba tras de si un longo ronsel de vivencias, de amizades, de alegrías pasadas e tamén de medos e fracasos; pero iso si, todo vivido intensamente, como correspondía ao espírito deste home observador, profundamente enraizado na súa terra e na súa paisaxe que, a dicir de todos os que o coñeceron, foi, como tería sentenciado o seu admirado Antonio Machado, un home bo no mellor sentido da palabra.

Tras o seu pasamento e ata os nosos días moitos foron os actos e iniciativas que o lembraron como escritor e persoeiro. De entre todos eles, pola súa relevancia, cómpre salientar a celebración do Día das Letras Galegas de 1997 dedicado á súa figura e a súa obra.

ÁF



Obra

Á LÚS DO CANDIL

O primeiro libro de relatos en galego de Fole, *Á lús do candil*, apareceu publicado pola editorial Galaxia de Vigo en 1953. Ora, os seus textos foron escritos na casa dos Quiroga, na Veiguiña, entre os anos 1950 e 1951, dándolle o autor os últimos retoques en 1952, ano no que recibiría por esta obra o Premio Castelao do Centro Galego de Bos Aires.



CUBERTA ORIXINAL DA EDICIÓN DE 1953

O libro consta de quince contos, un limiar de Francisco Fernández del Riego asinado baixo o pseudónimo de Salvador Lorenzana, e un pequeno glosario final. Nun principio ía ser ilustrado por Colmeiro, pero finalmente tanto a cuberta coma as ilustracións correrían a cargo de Xohán Ledo e o retrato do narrador realizaríao Romero Bolelle.

Á lús do candil, que foi mecanografado por Fernández del Riego para a súa publicación, iniciou a nacente colección literaria da editorial Galaxia, e constitúe –ao igual ca *Terra brava*– un dos piares fundamentais na recuperación do discurso narrativo galego de Posguerra. De feito, nada máis publicarse foi saudado con entusiasmo por autores e estudosos como Gonzalo Rodríguez Mourullo ou Ricardo Carballo Calero, quen fixo a primeira aproximación definitoria aos relatos do libro, clasificándoo en dous grandes grupos: os relatos “máis anónimos” (isto é, máis próximos ao conto de tradición oral) e aqueloutros “máis literarios” (ou sexa, os de maior presenza do elemento novelesco erudito).

TERRA BRAVA

Terra brava foi publicado por vez primeira pola editorial Galaxia en 1955. Fole escribira os relatos que formaban o libro entre 1952 e 1953, téndoo comezado na Casa Grande da Pobra, no Incio, para rematalo logo en Lugo. Non obstante, a data que o propio Fole dispón xunto á sinatura final do volume indica que este foi rematado en Santiago en outono de 1955. Ora ben, estas serían a data e lugar na que se levou a cabo o mecanografado e última corrección do libro, labores nos que axudou o propio Fole ao seu amigo Ramón Piñeiro, verdadeiro co-responsable da redacción derradeira do texto. A propósito deste particular, Franco Grande no seu libro de 1991 *A ilusión da esperanza (de Cabanillas a Baixeras)*, lembraba:



CUBERTA ORIXINAL DA EDICIÓN DE 1955

No curso académico 1954-1955 pasou Anxel Fole unha boa tempada en Santiago (...) Pregunto ós meus amigos de cada día que fai Anxel Fole en Santiago e por que sempre vai con Ramón Piñeiro. E dinme que este lle está pasando a máquina un libro de contos que se vai chamar “Terra Brava”. E axiña comenzan as anécdotas: que ás veces pasa mañás enteiras discutindo unha palabra con Piñeiro, ou un xiro -polo tanto, o mecanografiado do libro vai máis ben de vagar-, que outro día, porque se cansa, prefere dar unha volta por Santiago, que noutra ocasión non se sente ben, que outro día está nugalán...


Esta primeira edición de *Terra brava* incluía tamén un longo limiar debido a Domingo García-Sabell e ilustracións de distintos artistas: C. Maside fixera o retrato de Fole que abría o libro e os gravados da cuberta e X. Ledo encargárase dos dous diferentes relatos.

Amais dunha introdución narrativa titulada “Solaina”, o libro contén cinco contos e tres capítulos-conto, cada un con outros tres novos relatos. En total catorce relatos, que conforman o maior dos volumes narrativos de Fole, con preto de trescentas páxinas.

CONTOS DA NÉBOA

O terceiro libro de relatos de Fole publicouse en 1973 na editorial Castrelos de Vigo baixo o título de *Contos da néboa*. Porén, tal título é responsabilidade do editor, Xosé María Álvarez Blázquez, pois o narrador lucense pensara inicialmente titúlalo *O galo*, título, amais, do primeiro dos relatos recollidos no volume.

A diferenza de *Terra brava* e *Á lús do candil* e ao igual que *Historias que ninguén cre*, este libro reúne un conxunto de dezaioito relatos algúns dos cales xa fora dado a coñecer con anterioridade en diversas publicacións. Precede aos contos un limiar do propio Fole titulado “Soleira” e asinado en Lugo o día de San Xoán do ano 1970. Esta data, que podería semellar indicativa do remate na redacción de todo o volume, é fiable só para a mesma “Soleira”, xa que con posterioridade a tal data terían aparecido na prensa periódica algúns dos relatos logo recollidos no libro.



CUBERTA ORIXINAL DA EDICIÓN DE 1973



X. M. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, EDITOR E AMIGO DE FOLE

Esta primeira edición de *Contos da néboa* ía acompañada dunha pequena presentación redactada polo editor X. M. Álvarez Blázquez nunha das lapelas do volume, quen confesaba del: “Sempre penséi que no mestre das nosas letras, tan recatado il, acóchase unha enfebrecida vocación de director de cine”.

Neste libro e mais no posterior *Historias que ninguén cre* Fole dá unha viraxe á súa narrativa, que abandona os dominios do rural para pasar a desenvolver as súas tramas en ambientes urbanos e/ou semiurbanos, principalmente a cidade de Lugo, onde transcorren moitas destas historias.


HISTORIAS QUE NINGUÉN CRE

O derradeiro dos libros de relatos de Fole é a compilación *Historias que ninguén cre*, publicada por Edicións Xerais de Galicia no ano 1981. Dos vinte contos que recolle, todos agás un apareceran con anterioridade na prensa periódica.

Xa que logo, o tempo de redacción do volume iría dende a publicación en 1965 na revista *Grial* dos dous primeiros relatos, “¡Lobos te coman!” e “A vengación”, ata as inmediacións da aparición da obra no mercado en 1981, cando presumiblemente tería escrito Fole o derradeiro dos contos, “A máscara antigás”, *ex professo* para o libro.



Amáis dos vinte contos, esta primeira edición de *Historias que ninguén cre* incorporaba tamén diferentes ilustracións (algunha delas, como a reproducida na cuberta do libro, obra de Luís Seoane), un retrato de Fole feito por Maside en 1954 e mais unha escolma de textos críticos sobre a obra do lucense coa que se pechaba o libro, reproducíndose na contracuberta o retrato de Fole feito ao óleo polo pintor Ángel González Doreste.

Esta obra confirma a evolución sufrida pola narrativa de Fole dende os primeiros libros (*Á lús do candil* e *Terra brava*), onde as ambientacións, escenarios e extracción dos personaxes era claramente rural e popular; pola contra, neste libro e no anterior (*Contos da néboa*) non só figuran xa moitos ambientes (semi)urbanos, senón que os relatos de misterio e medo deixan paso, en maior medida, a narracións de suceso anecdótico e a contos moitas veces de carácter claramente humorístico.



CUBERTA ORIXINAL DA EDICIÓN DE 1981


ÁF



Temáticas

A PAISAXE

A importancia da paisaxe como elemento temático e argumental na obra de Fole é moi destacada. Francisco Fernández del Riego, bo coñecedor da súa obra, escribiu en 1987 nun artigo da revista *Grial* o seguinte sobre esta cuestión:



GRIMAL DE 1987 DEDICADO A CELESTINO E FOLE


Resulta verdadeiramente curiosa a fascinación que para o escritor exerceu a paisaxe galega. Máis que unha fascinación, parecía ás veces unha teima. En certo xeito, unha base importante da súa narrativa é a xeografía. Nos contos que vimos de glosar [os incluídos en *Á lús do candil* e *Terra brava*] hai un abastamento de notas de paisaxe, de deseños de escenas e recantos; hai como un sabor, un recendo e unha luz do mundo paisaxístico verdadeiramente sentido (...). Nas letras galegas non é doado atopar un escritor tan sensible á paisaxe, nin tan destro en traducila a prosa lírica ("Narrador e paisaxista", *Grial*, 95, 1987, pp. 42-44).

O propio Fole, por outro lado, tense manifestado en diversas ocasións sobre a importancia da paisaxe tanto na súa obra coma no conxunto da literatura galega. Nun artigo de 1962 escribiu:

De todol-os grandes temas estéticos, é o da paisaxe o que marca un máis fondo influxo na literatura galega, unhas veces de xeito sustantivo -fundamental-, outras como ornamento. Si lle sacasen ise tema, cáseque desaparecería ("Paisaxe e Saudade", *Vieiros*, 2, 1962, sp).

Mesmo no prólogo ao seu libro *Contos da néboa* –escrito en 1970 aínda que publicado tres anos despois– deixou escrito:

Na literatura galega hai moita paisaxe, tanto no verso coma na prosa. E ben lle acái. A lírica de moitos dos nosos poetas cuasemente se resolve en paisaxe. Outramente, eiquí non hai escritores sen paisaxe, pouca ou moita (...) A min, particularmente, unha literatura galega sen paisaxe pareceríame unha literatura cuasemente desgaleguizada. O home é sempre fillo da súa terra. A literatura debe ter, como a vida mesma, metereoloxía. A néboa, o vento, a choiva, sempre lle din algo ó home (...) Galicia tamén é a súa paisaxe ("Soleira", *Contos da néboa*, Vigo, Castrelos, 1973, pp. 13-14).



CUBERTA DUNHA EDICIÓN DE 1991



FOLE, MANUEL MARÍA, CELESTINO FDEZ. DE LA VEGA, O GUÍA E PIMENTEL VISITANDO UNHA DAS ESGREVIAS PAISAXES DA MONTAÑA LUCENSE TANTAS VECES DESCRITAS POLO PRIMEIRO

Ora ben, o tratamento da paisaxe na obra contística do escritor lucense é moi variado e aparece abordado dende ben diferentes ópticas, o que explica que, segundo o enfoque concreto que en cada momento adopte a súa prosa, se poidan distinguir diversas categorías, entre as que figurarían as da etnopaisaxe (visión antropolóxica da paisaxe), paleopaisaxe (histórica), sociopaisaxe (sociolóxica), videopaisaxe (captación sensovisual), audiopaisaxe (captación audio-sensitiva) e metapaisaxe (reflexión teorizante). Por suposto, moitas veces estas perspectivas entremestúranse, creando un tecido descritivo ou evocativo de grande plasticidade e beleza que consegue transmitir maxistralmente a lembranza de lugares, do pasado destes ou da humanización dos mesmos polos seus habitantes.

Proposta de actividades

- Le con atención os seguintes textos de Fole e tenta logo clasificalos como exemplos de etnopaisaxe, paleopaisaxe, sociopaisaxe, videopaisaxe, audiopaisaxe e metapaisaxe. Xustifica a túa adscripción baseándote no contido dos propios textos.

Texto 1

A doce melancónica beleza do outono... Semellaban lanzas de ouro os choplos da ribeira. Había algúas árbores coma de cobre. Os camiños da serra perdíanse nos nubeiros da choiva. Antre as salgueiras relucía o verde mollado dos prados i a i-auga dos carrozos brillaba como o aceiro. As ventalladas empurraban a choiva por todo o val, e víase vir fumegando de moi lonxe. De cando en cando sentiamos patuxar o gado nas pozacas. Unha raiola de sol deixóu un regueiro de ouro nun labramío. O sol antre a choiva, tristento e tenro, como o sorriso dunha doncela que sentise degaros de amor... O engado romántico do vagoento e tremelante (*Terra brava*, Vigo, Galaxia, 1955, p. 111).

Texto 2

A casa parecía máis tristenta que nunca. Resoaba a choiva nas follas das figueiras e dos magnolios. Pola outra banda do val, enriba dos montes cincentos, amosaba o arco da vella. Asubiaban as cochorras no xardín; chirlaban as anduriñas no aleiro do tellado. Sentimos os cornos dos pastores que levaban a avenza ó monte, antre peneñas e piñeiras. Arreitaban os canos do tellado faguendo un balbordo nas lousas do patio, que me traguían a lembranza dos días de choiva en Compostela. Un balón iba, outro viña (*Á lús do candil*, Vigo, Galaxia, 1953, p. 86).



RÚA DO VILAR, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Texto 3

Vostede ben coñece o pazo de Lonxío. Non foi sempre como é hoxe. Inantes, ise pazo era unha torre, que agora é a casa dos caseiros. A torre propiamente dita (...) xa non ten teito. Así quedóu dende que os Irmandiños lle prenderan lume. O pazo novo foi feito no século XVIII (*Á lús do candil*, Vigo, Galaxia, 1953, p. 132).

Texto 4

Non tería a vila naquil tempo máis de vinte mil almas. O cimiterio quedaba arredado díla. Non era coma hoxe que pódese decir que está no mesmo Lugo, pois fixéronse moitos bairros novos ó seu redor. Acabábase de abrir a rúa de Aguirre, que levaba a íl. Poucos anos inantes fixérase a carretera do campo-santo que ten unhas alcacias prantadas nas beiras. Por alí pasaba a xente que iba a Fingoi, Magoi, o Garañón i-as Pedreiras (*Á lús do candil*, Vigo, Galaxia, 1953, p. 34).



PRAZA DO CAMPO DE LUGO, NOS ANOS DESCRITOS POR FOLE

Texto 5

na vila pequena ou na aldea, como lle sentín decir a un abogado da Cruña, un non val polo que di senón polo que cala, polo que non di. Descubrir o pensamento e moi perigoso. Todos están ó axexo pra saber o que un pensa e irlle co conto ós que manden. É o rexime do conto (...) Quizáis as xenreiras señan máis teimudas no campo. Hainas verdadeiramente tradiciónas, de familia a familia, que pasan de xeneración a xeneración (...) É a economía da terra. Pola terra teñen liortas os veciños e mátanse os irmaos (...) O labrego é máis materialista que o home da vila. Sempre se rixe polo principio de que <<tanto vales, canto tes>> (...) E logo qui é de seu moi desconfiado, inque se diga que a confianza mata ó galego. Sempre anda a ganar algo. O individualismo máis pecho. A solercia, a retranca... Si un dá algo porque lle sai de adrento, sempre pensan que o dá porque lle ten conta; que o dá con segundas, con mira segreda (*Terra brava*, Vigo, Galaxia, 1955, pp. 46-48).

Texto 6



CARBALLEIRA, BOSQUE SAGRADO DOS CELTAS

Iste sentimento [o da paisaxe], haber haino, inaque non se manifeste. Un labrego emigrado que esmorece polos seus eidos, non se acorda pra nada das patacas, do centeo ou da herba dos seus prados. Os degaros da súa morriña van por outro roteiro. O que turra por il é a fermosura da súa terra, ricaz ou non. Si se lle preguntara por ila, parlicaría das árbores, dos ríos e das veigas con falas de namorado. E diría que non había terra fermosa e amantiña como a súa. Pouco máis ou menos, o que diríamos nós en semellante caso (...) Tódolos homes sinten morriñas do chao matrio, cando viven afastados dil. Mais somos sabedores de que os chamados

pobos céltigos queren a súa terra cun amor qui é un namoro (...) Ce-cáis seña a calidade estética da nosa paisaxe o que fai remanecer, de moi lonxe, o sentimento da saudade (*Terra brava*, Vigo, Galaxia, 1955, pp. 57-58).

Texto 7

Era unha casa moi grande cos millores eidos do val. Tiña cinco grandes balcóns na parte dianteira. Había un curro pechado a mao dereita, ondia estaban as cuadras i-os cuartos dos criados. Frente por frente, ó outro lado do camiño real, estaba o xardín, que era un pouco costeiro (...) Por detrás da casa había un gran piñeiral i-un carrozo con moitas mimoseiras. Alí empezaba a serra ondia se levaban a pacer as ovellas. Máis de dous mil ferrados de serra eran da casa. E despois viñan a viña, os prados i-o labradío.

Collíanse máis de oito centos canados de viño e máis de vinte de aceite. Había seis ou sete cabalos e tres parexas de bois. Máis de cen capós i-outros tantos cabritos cobraban de renta ó ano, e ochenta libras de anguiás (*Á lús do candil*, Vigo, Galaxia, 1953, pp. 44-45).

A MÚSICA

Xunto á paisaxe e a fala, a música era para Fole un dos elementos diferenciais da cultura galega. Na “Soleira” ao seu libro *Contos da néboa* deixou escrito:

Despóis da fala, o meirande vencello que temos coa terra é a música popular. Sentindo a nosa música folklórica sí que nos decatamos de que somos galegos ben afincados na terra. Cun sentimento que nos ven de moi adentro; que non dubidamos, nin xiquer un intre, que forma parte do noso ser. Por sentir música galega deixamos calquer labor, inda os máis ambiciosos. Se a ouvimos lonxe de Galicia, decimos que é a chamada da terra.

Cando Galicia deixe de cantar en galego, Galicia será nada máis que a suma de catro provincias da España (*Contos da néboa*, Vigo, Castrelos, 1973, p. 15).



FAUSTINO SANTALICES TOCANDO A GAITA ACOMPAÑADO DUN TAMBORILEIRO

Ora ben, a diferenza do que ocorría coa paisaxe e do que sucede coa fala, a temática musical nos relatos de Fole ten unha presenza menor, aparecendo como motivo dentro do desenvolvemento dalgúns contos e como subtema ou tema secundario noutros.

Pola contra, central sería o papel que a música xoga no discurso parateórico que manteñen varios dos personaxes de *Terra brava* ao comezo desta obra. No parlamento que alí manteñen expoñen diversas ideas sobre a importancia do fenómeno musical nas que, dalgunha maneira, acaba por transparentarse o propio parecer do autor sobre do particular. Nese faladoiro establécese que:

- 1) A música popular galega é un factor identificador do ser galego.
- 2) Precisa atención e estimanza, pois semella ameazada na súa continuidade polo “descaste” das novas xeracións que deixan perder unha música tan “belida” e
- 3) A nosa lírica musical máis requintada e poética é froito da inspiración feminina, posto que as creacións masculinas adoitan inclinarse nas súas preferencias polas cantigas de referente escatolóxico.

Proposta de actividades

- ¿Estas de acordo coa idea de que a música é un factor esencial na identificación do pobo galego?
- ¿Cres que a música de tradición oral galega corre o risco de desaparecer? ¿Percibes algunha mudanza nos gustos musicais populares da túa xeración respecto dos que teñen teus pais ou mesmo teus avós?
- ¿Paréceche que a música de tradición oral interpretada por voces femininas é diferente da cantada por homes?
- Le os seguintes relatos de Fole e categoriza a importancia que neles ten o tema musical: “Arxemiro” (*Á lús do candil*), “¡Carontel!” (*Contos da néboa*), “O tesouro” (*Á lús do candil*), “A fotografía” (*Contos da néboa*).

A LINGUA

Fole deixou testemuña tanto na súa obra de ficción coma nos seus ensaios dunha fonda sensibilidade sociolingüística. Preocupouno grandemente a vitalidade e o futuro do galego e deixou abondas reflexións sobre este tema.

Así, estaba convencido da necesidade de que os escritores en galego fosen conscientes da súa responsabilidade no proceso normativizador e normalizador do idioma e cría que o modelo que estes debían seguir tiña de ser sempre o da fala popular. Por iso insistía en recoller nas súas obras toda a rica variabilidade do galego, tanto no dialectal coma incluso no arcaizante, e rexeitou decote a extraordinaria “complicación” que para el supuñan as propostas dun lusismo “desquiciante”.

Alén diso, apostou por un idioma “nacionalizado”, pois entendía que este tiña que acabar por impoñerse grazas ao seu uso normalizado e non por esixencias lexislativas. O galego, para Fole, tiña que ir gañando prestixio literario e popular a todos os niveis, sen necesidade de leis coercitivas que, ao seu ver, non axudarían en nada á mellora da situación sociolingüística.

Por outra parte, o narrador lucense foi tamén un grande afeccionado ás esculcas sobre orixes toponímicas e en moitos dos seus relatos e artigos aparecen suxestións sobre o sentido ou a historia dos máis diversos nomes de lugar. Iso si, cómpre aclarar que as súas explicacións, máis que documentadas hipóteses etimolóxicas, son en realidade acabados exemplos do seu xenio fabulador e dun grande coñecemento das tradicións e lendas populares.



LOGO DE PROMOCIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

Proposta de actividades

Le con atención os seguintes textos e responde as cuestións que se formulan ao final dos mesmos:

Texto 1

Pido perdón polo meu xeito de escribi-lo galego, inque sabendo que non teño por qué pedilo. Sempre teimeei de escribir un galego que fose galego falado. E conserva-la súa fonética, non alterala na escritura. Por iso mesmo conservo os guiós, que lle dan á escritura do galego un certo aspecto ortopédico. Arrepresentar o galego asegún se fala é unha procura vella en min. Góstame ben máis, poño por caso, escribir *tódolos días* que *todos os días*. Se o *ele* soa na frase, penso que se debe conservar.

A fala é o que se
fala.

Ánxel Fole
outubro de 85

MÁXIMA LINGÜÍSTICA FOLEANA MANUSCRITA

Nunca fun defensor do galego puro; mais ben un defensor do galego vareado, rico, tal como aínda se fala hoxe en moitas comarcas. Coas súas sínco-
pas, paragoxes, aféresis, enclitismos, proclitismos e apócopes carauterísticas. Escribo *despoixas* en vez de *despois xa*. Ou *seica* e non *sei que*. E tamén conservo as antigas metátesis. Poño por caso *fidagos*, e non *figados*...

Nos derradeiros movementos literarios galegos rexístrase unha tendencia cara á fala popular, integrando tódolos xeitos comarcaes.

Xa sei que o galego mal se pode defender da castelanización. Inda que nos que falan un galego máis enxebre, atópanse barbarismos de abondo. Xa cuasemente ninguén di *gañar*, a non ser na montaña. Todo o mundo vai por *ganar*. En poucas bocas se conserva o *e* de *escuro*. Vaise decindo *oscuro* a feito. Mais iso quer decir que se debe escribir según o falan os que millor galego empregan.


A grandisma variedade do galego, moi semellante á do castelán do século XV, inda hoxe, é precisamente unha escrarecedora nota da súa tipificación. E débese refrexar no escrito. Si decimos *nebra* tamén podemos decir *néboa*. E se escribo *outro*, tamén podo escribi-lo máis arcaico *autro*. Se por Queiroga din *un souto de castiñeiros*, por Portomarín inda din *un sauto de castiñeiros*. Si por Lugo din *inda que*, polo Incio din *inque*, co mesmo significado.

Logo non haberá de se estranar un si tanto escribimos *bidueira* como *bídalo*. As verbas do galego varean en poucos quilómetros. Cando en Sarria din *enoxar*, no Incio, máis arcaicamente, *enodiar*.

Unha das funciós e misiós da literatura actual galega é a de restaura-la pureza do galego. Restaure-lo galego, simplemente. Mais isto non é nada doado. Antre outras cousas, porque non se entende ben a custión. O que é arcaico ou crásico nunha comarca non é o arcaico ou crásico na outra. Tan arcaico é o *lostrego* ou *lóstrego* da terra luguesa como o é o *alustre* do Caurel.

A literatura culta, escrita, collendo de eiquí e de eilí, vai formando, engordíño, paseniño, a futura unidade do galego literario. Por iso ninguén debe iñorar, poñamos por caso, que *pre*, que se di en Becerreá, é tan galego coma *pra*, que se di cuasemente en toda Galicia.

De cando en cando atópanse falas que relocen como o ouro, que soan moi ben, que son eufónicas sen comparanza. Cando vai descubrendo o ceo, dempois da treboada, os labregos da veiga de Sarria din que *estralampa*. Cecaís seña ista a verba máis fermosa do galego ("Soleira. Perdón polo meu galego", *Contos da néboa*, Vigo, Castrelos, 1973, pp. 7-9).



DICIONARIO GALEGO ACTUAL

- Comenta as principais ideas lingüísticas e sociolingüísticas deste texto. Axúdate para isto do exposto ao comezo do apartado. Compara as ideas e propostas que Fole daba a coñecer en 1973 coa realidade actual do galego. ¿Que diferenzas percibes?

Texto 2

—Imítalle á nai... ¡Que cacho animal!... Os brazos, longos; as maos, grandismas; as orellas, moi arredadas da testa... Con decirche que creba os conchos cos cotomelos... É nacho coma un hotentote e ten moita máis cara que cráneo. Non se sabe que houbera un home de forcia máis tremendisma en toda a comarca. Seica unha noite saíulle o lobo ó camiño, e il botoulle as maos á gorxa i oufegouno. Cando fala, non se sabe si ladra, aulea ou ornea... Veu casar eiquí de Corvelle...


—Iste Corvelle sóame algo a francés, como Betote, Lebón i outros topónimos.

–E sin ser topónimos, hai moitas falas galegas que parcen algo francesas, como «testa», «xabre», «xarope», «renarte», «orxo», «berce», «corvella»... O «cas», que recorda o *chez*; a «péndula» reló de parede; o «ulio» i o «u» interrogativo con siñificanza de *onde*...

A Presenta trougo o café. O tío seguiu co conto... (*Terra brava*, Vigo, Xerais, 1955, p. 40).

- Investiga sobre a orixe do léxico común e os topónimos que aparecen neste fragmento. Sinala en que casos Fole acerta e en cales non. ¿A que cres que se deben as faltas de acerto?

O HUMOR



CARICATURA DE FOLE REALIZADA POR GOGUE NOS ANOS 80

O tema do humor está moi presente nos libros de relatos de Fole, pois case un terzo da súa obra está constituída por historias nas que o papel xogado polo humor é de relevo.

De xeito esquemático, os contos foleanos responderían a dous modelos humorísticos principais: un primeiro composto polos relatos de humor caricaturesco, riduculizante ou burlesco –que moi a miúdo adoitan presentarse baixo a aparencia de historias dun humor cómico moi elemental– e outro segundo de relatos irónico-paródicos –que algunhas veces chegan a amosarse como verdadeiros relatos de humor satírico-sarcástico, con forte carga cáustica.

Os primeiros son contos onde a condición cómica nace das moi particulares situacións nas que se ven envoltos os personaxes, o que doadamente provoca a hilaridade. A diferenza do grupo de relatos irónico-paródicos, non hai aquí intención mordaz, non existe a parodia destrutiva de arquetipos sociais, senón que o ludismo puro derivado das situacións de poderosa *vis comica* o domina todo.

Á inversa, nos relatos irónico-paródicos o humor non produce situacións de comicidade inxel, senón que modula ácidos discursos nos que se ironiza, sarcasticamente as máis das veces, sobre tipos ou inveterados costumes sociais.



BLANCO-AMOR, RISCO, OTERO PEDRAYO, ROSALÍA, CASTELAO, CUNQUEIRO E FOLE NUNHA CARICATURA DE SIRO

Proposta de actividades

- A seguir reproducése unha listaxe de relatos humorísticos foleanos. Leos e logo determina se son exemplos de contos de humor caricaturesco, ridiculizante ou burlesco ou se pola contra son contos irónico-paródicos. Xustifica as adscricións partindo dos textos e tendo presente as explicacións dadas ao comezo do apartado.

–*Á lús do candil*: “O Lordanas”, “Os difuntos falaban castelao” e “O documento”.

–*Terra brava*: “Cara de lúa” e “As trasnadas do Toño”.

–*Contos da néboa*: “O galo”, “O paxaro laión”, “O desafío” e “De cómo o xastre Bieito volvéu pró inferno”.

–*Historias que ninguén cre*: “A macabra chanza do Grilo”, “Pepe Troitiño”, “As bebedeiras de Moncho do Grilo”, “¡Xantamos acarón dun esquelete!”, “O miragre de Ribadeo”, “Esporretar” e “A máscara antigás”.

A MULLER

Malia ser a de Fole unha obra contística ampla, que supera o medio cento de textos, non hai nela, porén, ningún que teña como protagonista única unha muller. Deste feito, obxectivamente significativo, non se debe inferir unha importancia escasa no papel desempeñado polas personaxes femininas, pois, se ben non hai protagonistas únicas, si se observan varios casos de mulleres que figuran como personaxes principais das tramas.

Os prototipos femininos fundamentais que aparecen na narrativa do de Lugo serían o da nai, a dama, a prostituta e a feiranta.

O rol arquetípico da nai respondería ao principio do maternal e o protector, sempre cun carácter doce e de centro do fogar; o da dama pivota, sobre todo, na distinción, pusuidora sempre dun elevado rango social que move a respectala; a prostituta pode aparecer revestida da súa obvia carga carnal ou ben pode adoptar a modalidade de “muller perversa”, capaz das máis “viles” accións; finalmente, a feiranta representa o excepcional, a outra máis outra, a excéntrica, a que fica fóra dos papeis recoñecidos pola sociedade ben pensante (a nai e a dama) e non encaixa tampouco no oficio carnal (prostituta), sendo a que sabe, a experta, rodeada sempre de ambigüidade, temida e admirada a un tempo.



A MÍTICA MEIGA DOS DENTES VERDES IMAXINADA POLO DEBUXANTE E ILUSTRADOR GALEGO LAZARO ENRÍQUEZ

Por tanto, este polimorfismo xenérico materialízase en diversos modelos complementarios entre si que, como unha sutil trabe subterránea, van configurando a armazón dos diferentes relatos de Fole nun mapa do feminino con catro puntos cardinais: os anxos protectores (nais), as distinguidas e fermosas señoritas (damas), as fogosas e perversas mozas (prostitutas) e mais as excéntricas e independentes rapazas (feirantas).

Proposta de actividades

- A seguir reproducése unha listaxe de personaxes femininos con indicación do relato no que aparecen. Elabora unha táboa na que vaías clasificando cada un deles nun dos catro prototipos descritos no comezo do apartado (nais, damas, prostitutas ou feirantas).

–*Á lús do candil*: a prima Rosiña (“O espello”), a doncela (“A caixa de morto”), a tía Rosa María (“O espello”), a tía Ramona (“O traxe do meu tío”), a Rebelá da Toca (“A caixa de morto”) e Dona Violante (“O tesouro”).

–*Terra brava*: a Gariteira (“O morto entrara ca xistra”), a tía Trécola (“As trasnadas do Toño”) e Dona Mercedes (“Tres historias do Pazo de Lucencia”).

–*Historias que ninguén cre*: a madriña Fernanda (“¡Lobos te coman!”), Valentina (“A fotografía”) e as rapazas estudantes (“A fotografía”).



RETRATO DE DAMA ESPAÑOLA SENTADA, DEBUXO DE FEDERICO GARCÍA LÓRCA

ÁF



Sobre
Fole

O SER HUMANO

- ¿O principal rasgo do seu carácter?
- Teño propensión a melancolía e a meditación.
- ¿A cualidade que prefire nun home?
- A honradez.
- ¿A cualidade que prefire nunha muller?
- A discreción.
- ¿O que máis aprecia nos seus amigos?
- A fidelidade.
- ¿O seu principal defecto?
- Quizais sexa que son un tipo desordenado e confuso.
- ¿A súa ocupación preferida?
- Escribir era unha ocupación que me gustaba moito antes, cando estaba ben da vista.
- ¿O seu sono de ventura?
- Conformaríame cunha boa saúde. Que tiveren moito tempo, e me daba optimismo.
- ¿Cal sería a súa maior desgracia?
- Pois non sei....
- ¿Qué quixera ser?
- A min paréceme a profesión máis interesante a que teño, a de escritor.
- ¿En que país desexaría vivir?
- En calquera, pero gústame moito o campo.
- ¿A cor que prefire?
- O verde.
- ¿A frol que prefire?
- Gústanme máis as arbores que as frores.
- ¿E o paxaro?
- O ouriol. Primeiro porque canta millor que un merlo e da uns sons máis alegres. E segundo porque me pasou un milagro estético con el como lle pudo pasar a Berceo. Estaba eu escribindo, nunha terraza cuberta, sobre un velador antigo, uns versos que decían “Ouriol, dame tu pluma, / Ouriol, para qu' escriba / un cantar de luz y espuma / con estrofas de agua viva”. E cando os escribía entrou por alí un ouriol, que botei no vidro da xanela e caeu sangrando polo peteiro encima da mesa. Eu arrisqueille unha pluma, talleina cunha navalla, botei a voar ó ouriol, e continuei escribindo.
- ¿Os seus autores favoritos en prosa?
- A literatura é o mundo da admiración, non sabe un por onde empezar. Gústame moito a prosa de Gabriel Miró.
- ¿Os seus poetas preferidos?
- Ahí sí que non hai por onde empezar. Para min o millor poeta español e Antonio Machado. Rosalía e Teixeira son as outras constantes da miña admiración.



FOLE NOS ANOS 80

- ¿Os seus heroes de ficción?
- Eso, moitos. Eses seres xordos que están detrás do relato, como Avinareta.
- ¿As súas heroínas favoritas de ficción?
- Hai personaxes de novelas que se confunden coa realidade, pero son moitos.
- ¿Os seus compositores preferidos?
- A miña admiración máis centrada é Beethoven. Da música do século XX Ravel, Stravinski e Falla.
- ¿Os seus pintores predilectos?
- Monsieur Henri Matisse.
- ¿Os seus heroes da vida real?
- Calquera pobre diablo pode ser un tipo admirable.
- ¿As súas heroínas da vida real?
- Hai moitas mulleres sedutoras.
- ¿Os seus nomes favoritos?
- Búskoos todos no galego. Por exemplo, estralampar, cesar os raios.
- ¿Qué detesta máis que nada?
- En bloque, o odio paréceme feo.
- ¿Qué caracteres históricos desprezia máis?
- Non meditei neso.
- ¿Qué feito militar admirou máis?
- As guerras da Independencia.
- ¿Qué reforma admira máis?
- Tódalas que están ligadas os inventos. A historia dos inventos é a que máis me gusta.
- ¿Qué dons naturais quixera ter?
- Comunicarme a distancia coas persoas.
- ¿Cómo lle gustaría morrer?
- Sen darme conta, quedando durmido, e a opción que lle pido a Deus.
- ¿Estado presente do seu espírito?
- A actualidade, con tanto atraco, tanta morte, tanto disparo, tanta puñalada, dame horror. La historia contemporánea tiene unos capítulos espantosos.
- ¿Feitos que lle inspiran máis indulxencia?
- O roubar para comer.
- ¿O seu lema?
- Son un home sen lemas.




FOLE CON XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN, NOS ANOS 80

Luís Rei Núñez, "O cuestionario Proust",
Oficio de escribir, Sada-A Coruña,
 Edicións do Castro, 1990, pp. 34-36.

O LECTOR CURIOSO

—Eu son un escritor realista aínda que me gustan moito os relatos relacionados coa parapsicoloxía, o que é pouco realista, pero boeno. E ultrarrealista, se se quere. Realismo pouco coñecido. Góstanme moito os relatos de anticipación, de premonición; cecais sexa unha herencia das lecturas que fixen daquel doctor premio Nobel francés que era un tratadista da metapsíquica, como se chamaba entón a parapsicoloxía, e as súas obras están rexistradas con moitos deses fenómenos. Todo o mundo tivo algunha experiencia deste tipo na súa vida. Cousas que xa sabíamos que iban pasar, non ten máis que recordalas. Pero eu distingo ben entre fantasía e realidade. Cousas fantásticas ocúrrenselle a calquera, pero a imaxinación xa é outra cousa. A min góstame a imaxinación condicionada pola realidade, senón pra mín non ten mérito. Cousas que se non son reais, parécenselle moito, que sirvan pra contalas. Que non se confundan nunca coa realidade. Por exemplo, “As mil e unha noites”, que é un libro meramente fantástico e non ten gran mérito, digo eu.



RETRATO DE EDGAR ALLAN POE, UN DOS AUTORES MÁIS ADMIRADOS POR FOLE

Do relato breve os grandes mestres son os rusos, Andreiev, Chejov, ou Máximo Gorki. Non podo deixar de citar a Edgar Allan Poe, que está moi dentro do realismo fantástico. Os detectivescos de Sherlock Holmes, ou Conan Doyle. Claro que tamén o autor coincide coa súa obra. Eran tipos estraños, Conan Doyle era espiritista, coma tamén o era Césare Lombroso, o médico italiano, ou Edison. Eu nunca fun espiritista nin me agradou nada o espiritismo; nembargantes góstame a parapsicoloxía, porque sei que hai moitas cousas que non se explican doutro xeito.

Xosé de Cora,
Homes de Fole,
Vigo, Sept, 1983, p. 61.

O LECTOR CRÍTICO

—¿Por qué la mayoría de los narradores gallegos —no sólo los de su generación— se dedican con más intensidad al cuento que a la novela corta?

—Porque estamos creando una literatura. Comenzando una tradición escrita que empiece con nosotros, Dieste, Blanco Amor..., algún otro... y todas las literaturas nacen con el cuento y la poesía. A medida que ambas se van desarrollando se funden y nace la novela. Yo, como cualquier niño gallego, tenía en mi infancia una predisposición a inventar cuentos... Volviendo a la pregunta, creo que aún nos falta el teatro. Mi propia obra teatral, *Pauto do demo*, está escrita pensando en el cine y fue, inicialmente, un guión cinematográfico.

Por cierto, alguno de mis cuentos ha sido llevado al cine sin demasiado acierto. Al escribirlos, pensaba en aquellas películas mudas sobre relatos de Poe, quien, como poeta, es una de mis grandes devociones. Intentaba plasmar una Galicia alucinante, como en aquella película, *El hundimiento de la casa Usher*.

—¿Qué papel desempeñan los novelistas de su generación —Dieste, Blanco Amor— en la evolución de la narrativa en gallego?

—La narración es el género más interesante en la actual literatura gallega. *A esmorga* es una gran novela, por suerte traducida ya al castellano. La obra de Dieste en gallego es más parca, pero insustituible y magnífica. Aún recuerdo mi primera lectura de *Dos arquivos do trasno*. Tal vez nuestra generación sea más imaginativa, más creadora. La de Méndez Ferrín, Casares, Diéguez... es más experimental, más fría, más mimética, parecen escribir novelas sobre un cliché. Ellos son más trabajadores, poseen mejor conocimiento teórico, pero son menos originales, investigan desde fuera, basados muchas veces en tendencias y modas de la novela europea, sobre todo en el *nouveau roman*. Es un mimetismo que también mantiene la poesía. Parece como si todo el mundo se hubiera perdido en una protesta que no mantiene el interés por la forma, por su desarrollo imprescindible en la literatura que intenta evolucionar, que está aún creándose. Nosotros, de alguna manera, hemos descubierto a Galicia en gallego. Está lejos, sin embargo, el momento en que el gallego sea instrumento de una literatura universal. Está demasiado influido por el castellano. La novela corta y el poema son, en este momento, los más capaces de alcanzar el grado de evolución necesario. El gallego todavía no es flexible y, por otra parte, nos falta aún imaginación lingüística. La influencia del castellano en nosotros puede equipararse a la del inglés en Irlanda.

César Antonio Molina/Luis Suñén,
“Ánxel Fole o luchar desde la negra sombra”
Ínsula, 373, decembro, 1977, p. 3



XESÚS ALONSO MONTERO, EDUARDO BLANCO-AMOR, XOSÉ NEIRA VILAS, FOLE E CELESTINO FERNÁNDEZ DE LA VEGA ACOMPAÑADOS DOUTROS AMIGOS NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO DE LUGO NOS PRIMEIROS SETENTA

O CREADOR

Á lus do candil editouse en 1953. Desde entón pra acá a literatura galega (a nosa prosa máis ben), foise arrequecendo con novas e, nalgúns casos, estimables aportacións. Naquela data a aparición do libro de Fole siñificaba unha verdadeira novidade, pois desde antes do ano 36 apenas si tiña aparecido entre nós libro algún de prosa galega e, desde logo, ningún de calidade. Na conciencia da xente, a literatura galega era poesía gallega, e aínda con certas concesións. Un libro de prosa galega, pois, era unha novidade pouco común por aqueles anos, nos que os espléndidos prosistas viñan ser case —están hoxe— to de nós que pois os seus podían atopar e lélos non do. O libro de verdadeiro to, Como foi despois o *Mer-Cunqueiro*, o libro fixo pra a literatura días. A prosa galega — poucas posibilidades no dous verdadeiros prosistas.



ves anos, foron os continuadores do latelao e Otero Pedrayo. Despóis deles viñeron todos os demais. Hoxe, a prosa galega é unha realidade que está ahí, que se impón por si mesma e con autonomía de seu.

Si por orixinalidade entendemos capacidade creadora —que nisto está a orixinalidade e non en ser eco das voces dos demais—, a literatura de Fole é de verdadeira orixinalidade. Poucas veces entre nós se deu un escritor máis avencellado co pobo. A tal punto que a literatura de Fole —contos que conta nos seus dos libros—, é case literatura oral popular. Ó menos, o tema é sempre popular. Despóis, Fole cóntaos —escribeos— ó seu xeito. Isto é o que levóu a moitos a ter a Fole por un “enxebrista” retrógrado, cando o certo é que ahí está xustamente un dos méritos do noso escritor. A prosa deste home sinxelo é un pouco como il mesmo, sinxela, natural, sin teatralismo, poderíamos decir que sin “pretensións”.

Xosé Luís Franco Grande,

“*Á lus do candil*, por Ánxel Fole”,

Grial, 21, xullo-agosto-setembro, 1968, p. 367.

ÁF



Bibliografía

- Alonso Girgado, Luís e Armando Requeixo, *Ánxel Fole e «Á lús do candil»*, Vigo, Nigra, 1997.
- Álvarez Riveiro, Alfonso, *Fole e o xornalismo*, Lugo, Concello de Lugo, 1997.
- Casares, Carlos, *Conversas con Ánxel Fole*, Vigo, Galaxia, 1984.
 _____, *A vida de Ánxel Fole*, Vigo, Galaxia, 1996.
- Castro, Tareixa, *O trasmundo de Ánxel Fole*, Sada-A Coruña, Caixa de Aforros de Galicia / El Progreso, 1987.
- Cora, Xosé de, *Dicionario de Fole*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza / El Progreso, 1997.
 _____, *Homes de Fole*, Vigo, Sept, 1983.
- Fole, Ánxel, *Obra galega completa*, 3 vols., Vigo, Galaxia, 2003.
 _____, *Paseante en Lugo*, ed. Xosé de Cora, Lugo, Fundación Caixa Galicia / El Progreso, 2003.
- Forcadela, Manuel, *Guía de lectura de «Á lús do candil»*, Vigo, Edicións do Cumio, 1997.
- Gay Parga, Tonina (coord.), *Ánxel Fole. ¡Si señor!*, Lugo, Citania, 1997.
- Pedre Díaz, Luís Miguel, *A creación literaria en castelán de Ánxel Fole*, Lugo, Deputación Provincial de Lugo, 2000.
- Requeixo, Armando, *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego*, Vigo, Edicións do Cumio, 1996.
- Rodríguez Fer, Claudio, *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1981.
 _____, *Ánxel Fole. Vida e obra*, Vigo, Xerais, 1997.
- Rodríguez Fer, Claudio (coord.), *O mundo lucense de Ánxel Fole*, Lugo, Galería Sargadelos, 1997.
- Rodríguez López, Manuel, *Viaxes con Ánxel Fole*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1988.
- Vega, Ángel de la, *Ánxel Fole. 101 anécdotas*, Vigo, Xerais, 2003.
- VVAA, *Ánxel Fole (1903-1986). Unha fotobiografía*, Vigo, Xerais, 1997.
 _____, *Ánxel Fole. Día das Letras Galegas 1997*, Santiago, Xunta de Galicia, 1997.
 _____, *Congreso Ánxel Fole*, Santiago, Xunta de Galicia, 1997.
 _____, *Día das Letras Galegas. 1997*, Santiago, Universidade de Santiago, 1997.
 _____, *Grial*, 95, xaneiro-febreiro-marzo, 1987.
 _____, *Os escritores lucenses arredor de Ánxel Fole*, Lugo, Excmo. Concello de Lugo, 1986.
 _____, “Suplemento de Cultura”, *La Voz de Galicia*, 6-5-1982.
 _____, Suplemento da revista *Outeiro*, 21, xuño, 1986, pp. 53-57.
 _____, “Táboa redonda”, *El Progreso*, 26-1-1975.
 _____, “Táboa redonda”, *El Progreso*, 23-5-1976.
 _____, “Táboa redonda”, *El Progreso*, 10-6-1986.

ÍNDICE

Vida	2
Obra	8
Temáticas	11
Sobre Fole	23
Bibliografía	29